



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900 - F Telef. 981889000 – Fax 981889100
Rúa Arcai, 41 – Bembibre . 15873 – Val do Dubra. E-mail: correo@valdodubra.gal

exp. 2026/G003/000628

RESOLUCIÓN

ASUNTO: ASUNTO: DECLARACIÓN DE PROCESO SELECTIVO DESERTO PARA A CONTRATACIÓN DA BRIGADA DE EXTINCIÓN E PREVENCIÓN CONTRA INCENDIOS FORESTAIS 2026.

EXPEDIENTE: 2026/E001/000018; 2026/A008/000014

ANTECEDENTES:

PRIMEIRO: Mediante Decreto da Alcaldía núm. 509/2026 do 25.06.2026, aprobáronse as bases reguladoras e a convocatoria do proceso selectivo para a contratación do persoal integrante da brigada municipal de prevención e defensa contra incendios forestais ao abeiro do convenio de colaboración coa Xunta de Galicia.

SEGUNDO: Unha vez rematado o proceso selectivo e realizadas as probas previstas nas bases, o Tribunal Cualificador elevou proposta na que consta que unicamente un dos aspirantes presentados superou as probas selectivas. Non obstante, non foi convocado ao recoñecemento médico, de carácter obrigatorio e eliminatorio, ao resultar imposible a constitución da brigada por non existir aspirantes aptos para os postos de Xefe/a de Brigada, Peón/Peoa Condutor/a e Peóns Forestais.

TERCEIRO: Dado que a constitución da brigada require contar cun número mínimo de efectivos establecido nas bases da convocatoria e/ou na normativa aplicable, non resulta posible constituír a brigada municipal ao non existir un número suficiente de aspirantes que superasen o proceso selectivo.

En uso das atribucións que me están conferidas, de conformidade co artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, RESOLVO:

PRIMEIRO: Declarar deserto o proceso selectivo convocado para a contratación do persoal da brigada municipal de prevención e defensa contra incendios forestais, ao superar as probas selectivas unicamente un aspirante, sendo insuficiente o número de persoas aptas para a constitución da brigada.

SEGUNDO: Declarar a imposibilidade de constituír a brigada municipal de prevención e defensa contra incendios forestais nas condicións establecidas na convocatoria.

TERCEIRO: Publicar a presente resolución no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello, para o seu coñecemento e efectos oportunos.

CUARTO: Dar conta do presente decreto ao Pleno na primeira sesión ordinaria que se celebre.

Asinado polo Sr. alcalde Diego Luis Díaz Méndez, na data expresada á marxe da presente resolución e polo secretario-interventor, Ricardo Garrido Caneda, tómase razón para a súa transcripción ao libro de Resolucións da Alcaldía aos efectos.